IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

RESOLUCIÓN do 6 de novembro de 2026, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se fai pública a relación de prazas que se ofrecen ás persoas aprobadas, correspondentes ao ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, nas probas selectivas para o ingreso no corpo de tramitación procesual e administrativa da Administración de xustiza, quenda libre, convocadas pola Orde PJC/64/2024, do 25 de xaneiro.

De conformidade co establecido no punto décimo noveno da Orde HFP/688/2017, do 20 de xullo (*Boletín Oficial del Estado* do 22 de xullo), pola que se establecen as bases comúns que rexerán os procesos selectivos para o ingreso ou acceso aos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, na base 8.1.a) da Orde PJC/64/2024, do 25 de xaneiro (*Boletín Oficial del Estado* do 1 de febreiro), pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso, polo sistema xeral de acceso libre, no corpo de tramitación procesual e administrativa da Administración de xustiza, e no Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro (*Boletín Oficial del Estado* do 27 de decembro), polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza,

RESÓLVESE:

Primeiro. Facer pública, por orde alfabética de localidades, a relación de prazas desertas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia (anexo I), que se ofrecen aos aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso, polo sistema xeral de acceso libre, ao corpo de tramitación procesual e administrativa, convocado pola Orde PJC/64/2024, do 25 de xaneiro.

Segundo. As solicitudes de destino dos aspirantes (anexo II) deste ámbito, dirixidas á Dirección Xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, presentaranse na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal, no prazo de cinco días hábiles contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Terceiro. As solicitudes cubriranse seguindo o modelo que aparece como anexo II desta resolución. No modelo de instancia deberanse solicitar, como mínimo, tantas prazas

CVE-DOG: onasg4l1-uiy8-stl6-hac2-wkolhdxtoeb8

como número de opositor teña, é dicir, se, por exemplo, o número de opositor é o 21, débense pedir 21 prazas como mínimo, ou máis, se foron ofertadas e se desexan solicitar, ata chegar ao número máximo de prazas ofertadas, indicando a unidade, a denominación, o código do posto, a localidade e a provincia.

Cuarto. Ningún aspirante poderá anular nin modificar a súa solicitude unha vez rematado o prazo de presentación indicado no punto segundo desta resolución.

Quinto. A adxudicación dos destinos farase con carácter forzoso, de acordo coa orde de puntuación obtida nas probas selectivas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (respectaranse sempre a orde de prioridade seleccionada e o número de opositor/a da persoa candidata).

De non formular a solicitude das prazas ou en caso de non corresponderlle ningún dos destinos solicitados por non solicitar un número suficiente de prazas, adxudicaráselle un destino seguindo a orde alfabética de localidades.

Sexto. Os destinos adxudicados terán carácter definitivo equivalente para todos os efectos aos obtidos por concurso, sen que poidan participar neste ata que transcorran dous anos desde a data da resolución en que se lles adxudique o destino definitivo. Para o cómputo dos dous anos observarase o establecido no parágrafo segundo do artigo 529.3 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Contra esta resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante a Dirección Xeral de Xustiza da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ou un recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do tribunal de instancia, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2026

José Tronchoni Albert
Director xeral de Xustiza

CVE-DOG: onasg4l1-uiy8-stl6-hac2-wkolhdxtoeb8

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 220 Martes, 17 de novembro de 2026 Páx. 57348

ANEXO I

Unidade	Denominación	Código do posto	Localidade	Provincia
Oficina Xeral do Rexistro Civil de Arzúa	Tramitación-Rexistro Civil (OX Gardas)	XG9258100015006701	Arzúa	A Coruña
Servizo Común de Tramitación do TI de Cangas	Tramitación-SCT TI (Gardas)	XG9258000036008708	Cangas	Pontevedra
Servizo Común de Tramitación do TI de Carballo	Tramitación-SCT TI (Gardas)	XG9258000015019704	Carballo	A Coruña
Servizo Común de Tramitación do TI de Corcubión	Tramitación-SCT TI (Gardas)	XG9258000015028703	Corcubión	A Coruña
SCT TI da Coruña-Civil, Familia, Infancia e Capacidade e Mercantil	Tramitación-SCT TI Civil, Familia e Merc.	XG92587010150307036	Coruña, A	A Coruña
SCT TI da Coruña-Civil, Familia, Infancia e Capacidade e Mercantil	Tramitación-SCT TI Civil, Familia e Merc.	XG92587010150307037	Coruña, A	A Coruña
SCT TI da Coruña-Penal	Tramitación-SCT TI Penal (VSM)	XG92587030150307036	Coruña, A	A Coruña
SCT TI da Coruña-Penal	Tramitación-SCT TI Penal (VSM)	XG92587030150307038	Coruña, A	A Coruña
SCEX da Coruña-Civil, Social, CA, Familia, Infancia e Capacidade e Mercantil	Tramitación-SCEX Civil, Familia, Mercantil, CA e Social	XG92583060150307024	Coruña, A	A Coruña
SCEX da Coruña-Penal	Tramitación-SCEX Penal	XG92583030150307014	Coruña, A	A Coruña
SCEX da Coruña-Penal	Tramitación-SCEX Penal	XG92583030150307015	Coruña, A	A Coruña
SCEX da Coruña-Penal	Tramitación-SCEX Penal	XG92583030150307016	Coruña, A	A Coruña
SCEX de Lugo-Penal	Tramitación-SCEX Penal	XG92583030270287004	Lugo	Lugo
SCEX de Lugo-Penal	Tramitación-SCEX Penal	XG92583030270287006	Lugo	Lugo
Servizo Común de Tramitación do TI de Mondoñedo	Tramitación-SCT TI (Gardas)	XG9258000027030703	Mondoñedo	Lugo
Oficina Xeral do Rexistro Civil de Negreira	Tramitación-Rexistro Civil (OX Gardas)	XG9258100015056701	Negreira	A Coruña
Servizo Común de Tramitación do TI do Porriño	Tramitación-SCT TI (Gardas)	XG9258000036039710	Porriño, O	Pontevedra
Servizo Común de Tramitación do TI de Ribeira	Tramitación-SCT TI (Gardas)	XG9258000015073703	Ribeira	A Coruña
Servizo Común de Tramitación do TI de Sarria	Tramitación-SCT TI (Gardas)	XG9258000027057703	Sarria	Lugo
Servizo Común de Tramitación do TI de Sarria	Tramitación-SCT TI (Gardas)	XG9258000027057704	Sarria	Lugo
Servizo Común de Tramitación do TI de Vilagarcía de Arousa	Tramitación-SCT TI (Gardas)	XG9258000036060704	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
Servizo Común de Tramitación do TI de Viveiro	Tramitación-SCT TI (Gardas)	XG9258000027066701	Viveiro	Lugo

XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

ANEXO II

Solicitude de destino para as persoas aprobadas nas probas selectivas convocadas pola Orde PJC/64/2024, do 25 de xaneiro (BOE do 1.2.2024), quenda libre, para o ingreso no corpo de tramitación procesual e administrativa da Administración de xusticia

Tramitación procesual e administrativa

PRIMEIRO APELIDO:.....				
SEGUNDO APELIDO:				
NOME: .....NIF:.....				
Número de orde proceso selectivo				Tlfno.:
				Correo electrónico:
Ámbito territorial en que realizou as probas selectivas:				
Destino por orde de preferencia (véxase a convocatoria de prazas)				
CENTRO DE TRABALLO				

Nº de orde	Unidade	Denominación	Código do posto	Localidade	Provincia
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					

CVE-DOG: onasg4l1-uiy8-stl6-hac2-wkolhdxtoeb8

15					
16					
17					
18					
19					
20					
21					
22					

A persoa solicitante CONSENTE que o centro xestor do proceso de adxudicación de destino acceda ás bases de datos das administracións, con garantía de confidencialidade, e para os exclusivos efectos de facilitar a verificación dos datos de identificación persoal, número de orde obtida na oposición e ámbito territorial de realización das probas selectivas consignados nesta instancia.

☐ En caso de non consentir, marque o recadro. Nese caso, deberá achegar a documentación acreditativa, todo iso nos termos e prazos previstos nas bases da convocatoria e no resto de normativa vixente.

En ....., ... de ..... de 2026

Dirección Xeral de Xustiza
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

CVE-DOG: onasg4l1-uiy8-stl6-hac2-wkolhdxtoeb8